

## A Sanidade, máis preto

Ourense, sede cada mes de maio da investigación en enfermería coas xornadas máis antigas de Galicia

# Un estímulo para a profesión

ÁNGELES RODRÍGUEZ

Non só constitúen un estímulo ao esforzo científico da profesión. Tamén contribúen a mellorar a súa práctica diaria. Ourense acolle cada mes de maio, cun notable éxito de participación, as xornadas de investigación enfermeira decanas de Galicia. O seu punto de partida foi un premio de investigación, que se convoca dende hai quince anos, coincidindo co Día Internacional da Enfermería (12 de maio). “Comezaron sendo unicamente no Complexo Hospitalario Cristal Piñor de Ourense, pero a partir do ano 2005-2006 a xente de primaria empezou tamén a presentar traballos. E xa dende o ano pasado, amplíase a participación ás zonas do Hospital de Verín e do Hospital Comarcal Valdeorras”, lembra Victoria Carral García, directora de Procesos de Enfermería da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco e membro da organización.

Na súa última edición, celebrada os días 14 e 15 de maio, as VIII Xornadas de Enfermería de Ourense (e o XV Premio de Enfermería) congregaban a uns 350 participantes, a maior parte dos cales desenvolven a súa profesión na provincia. O lema deste ano foi “Novos Tempos, Novos Retos”, en alusión ao actual papel da enfermería como referente nos cuidados da enfermidade e prevención sanitaria e como orientadora de referencia tanto en atención primaria como en hospitalaria. “Son unhas xornadas científico-lúdicas cuxo obxectivo é darlle opción a todos os profesionais que están en proxectos de investigación, e que teñen realizado traballos científicos ao longo do ano, a que os presenten e, así con eles, poder actualizar os coñecementos do que é a enfermería e poder tamén adquirir outros novos”, sinala Victoria Carral.

Un requisito imprescindible para concorrer ao Premio de Enfermería de Ourense é que os traballos de investigación que participen teñan sido publicados ou presentados nos

## Reyes Pérez, XV Premio de Enfermería de Ourense



Reyes Pérez, cos alumnos de Enfermería que participaron nas xornadas.

## ‘A educación para a saúde é a miña liña de investigación’

A.R.

Para Reyes Pérez Fernández, profesora da Escola Universitaria de Enfermería ourensá, é unha auténtica satisfacción ter conseguido, e por partida dobre, o XV Premio de Enfermería de Ourense. Pero confesa que se sente aínda máis satisfeita polo papel significativo que os seus alumnos tiveron nestas xornadas, nas que presentaron traballos de investigación (sete dos cales foron seleccionados e defendidos), que sorprenderon pola súa calidade. Os temas eran moi diferentes: o coñecemento que os alumnos de 2º de bacharelato dun instituto de Ourense teñen sobre o virus do papiloma humano, a violencia de

xénero en atención primaria, a doazón de sangue na escola de enfermería, a obesidade infantil, os hábitos saudables nos alumnos de 5º de primaria (dun colexio público e doutro privado da capital da provincia). “Viron que traballando, investigando e facendo as cousas que eu lles trato de inculcar, conseguíase recoñecementos. Eles tamén están encantados. Foi un éxito compartido”, explica con orgullo, Reyes Pérez.

Facíase co premio á mellor comunicación oral polo estudo “Educación sanitaria e prevención da osteoporose e coa mellor comunicación póster por “Predispocisión xenética e osteoporose”. En ambos, Reyes Pérez realizou un ensaio clínico en 216 mulleres (con idades entre 45 e 54 anos) dun

servizo de atención rural ourensá. “Houbo dous apartados. Por unha banda, a influencia dos hábitos saudables da educación sanitaria para mellorar factores de risco de osteoporose e, pola outra, ver se os hábitos saudables podían mellorar á xenética”, sinala a investigadora.

A todas as mulleres da mostra, previamente a intervención educativa, realizoulles unha enquisa, analítica e densiométrica ósea, probas que se repetiron tras a súa participación nas actividades de educación sanitaria e que se compararon coas dun grupo de control onde non se fixo intervención educativa. Así o primeiro dos estudos citados conclúe que esa acción educativa diminúe os riscos de osteoporose, demostrándose unha melloría dos parámetros obxectivos que valida a educación sanitaria como medida preventiva da osteoporose.

No caso do segundo traballo, avalíase con ese mesmo grupo de pacientes os cambios que unha acción educativa pode xerar na Densidade Mineral Ósea (DMO) e a súa relación con tres polimorfismos xenéticos ligados á osteoporose. “En dous deles demostrouse que os cambios nos hábitos de vida si influían na xenética, pero no outro non”, indica. O seu interese como investigadora non remata nestes traballos. “A miña liña de investigación é a educación para a saúde e a promoción dos hábitos saudables en diferentes problemas de saúde e nela continúo”.

doce meses previos á súa celebración en diversos congresos, simposios ou reunións científicas autonómicas, nacionais e internacionais. Desta volta optaban ao galardón un total de 17 comunicacións orais e 23 póster.

As xornadas abríanse coa conferencia de Félix Ruibal Bernárdez, director de Asistencia Sanitaria do Sergas, quen abordou o tema “Cronicidade e Enfermería: da estratexia á acción”. De seguido, dábase paso á primeira das mesas redondas do encontro, moderada por Montserrat Souto Pereira (subdirectora de Procesos de Enfermería da Xerencia de Xestión Integrada ourensá). Estaba adicada á “Cronicidade nos coidados” e nela tratouse o papel activo da enfermeira en procesos asistenciais de plena actualidade, como a Enfermidade Pulmonar Obstrutiva (EPOC), o manexo dos pacientes pluripatolóxicos, crónicos e polimedificados.

Sobre este último tipo de pacientes versaba a ponencia presentada por Sagrario Sevilla Guerra, coordinadora de enfermería do Centro de Saúde de Coles. “Cada vez temos unha esperanza de vida maior nos pacientes e isto leva a que haxa un maior número de fármacos e máis complicacións nos tratamentos. Por tanto o programa de Polimedificados do Sergas é importantísimo. Debe ser multidisciplinar, coa participación de farmacéuticos, médicos e enfermeiras. Son como varios ollos postos sobre o paciente para cometer os menos erros posibles, tanto na administración como, despois, na toma de medicamentos”, explica a ponente.

Este programa poñíase en marcha en Galicia o ano pasado. A súa po-boación diana son os pacientes polimedificados, é dicir, a partir de seis fármacos tomados seis ou máis meses, pero “na primeira fase, na que estamos agora, seleccionouse aos pacientes con 15 ou máis fármacos mantidos seis ou máis meses, porque son os pacientes de máis risco”. Aínda é pronto para ter conclusións sobre este programa, pero Sagrario Sevilla indica que “a súa simple implantación permite a coordinación do tratamento, o que evita que se dupliquen principios activos.

## A Sanidade, máis preto

O médico de familia é o punto de equilibrio entre as medicacións que prescriben todos os especialistas, el é o que debe revisar toda a prescripción e simplificar o que se poda. Logo a parte da enfermería é ver o cumprimento terapéutico dese pa-

As VIII Xornadas de Enfermería congregaban na cidade a 350 persoas os días 14 e 15 de maio

Houbo 17 comunicacións e 23 póster. Por primeira vez, os alumnos de Enfermería presentaron traballos

O XV Premio de Enfermería de Ourense recaeu en dous traballos da mesma autora: Reyes Pérez Fernández

ciente, se está tomando as doses axeitadas e na forma na que se lle di, para logo ter bos resultados. Por moi ben que estea a historia, se o paciente non fai o que se lle di, de nada serviría, por iso é tan importante que a enfermeira se implique neste programa, e creo que o está facendo moi ben”. Por tanto, dentro deste labor multidisciplinar é a enfermeira a que está máis próxima ao paciente. “É o último escalón do programa e vaise dando conta de se hai algunha alteración ou non”.

No decurso das VIII Xornadas de Enfermería de Ourense houbo tamén unha segunda mesa redonda (xa o día 15 de maio), titulada “Avanzamos no tempo”, moderada por Ana María Bouza, supervisora de unidade de neonatos do CHUO. Nela analizouse cómo está a enfermería neste momento e cara onde vai. Nesa liña expuxéronse ponencias como “O paciente experto”, “Do asesoramento experto en UPP” e “Dor infantil”. O programa incluía asimismo a defensa de pósters, dúas mesas de comunicacións libres e outra de comunicacións a premio. A



primeira das mesas de comunicacións libres foi moderada por Ana María Blanco Escuredo, supervisora de quirófano do Hospital Comarcal Valdeorras, quen destacou a calidade do programa científico do encontro e tamén dos traballos presentados. “Había temas moi específicos de enfermería, como as curas das feridas. Outra das comu-



Victoria Carral García, directora de Procesos de Enfermería da Xerencia de Xestión Integrada de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.

nicacións versaba sobre extracción de sangue e manipulación de mostras..., en xeral, parecéronme moi interesantes”. Asemade referíuse á “participación masiva dos estudantes da escola de enfermería, tanto na presentación de pósters como de comunicacións”.

Este aspecto foi tamén resaltado por Miriam Rodríguez Lorenzo, su-

supervisora da unidade de hospitalización médica do Hospital de Verín, que moderou a mesa de comunicacións a premio. “Gústome moito a participación dos alumnos da escola de enfermería, estaban representados en case todas as mesas con traballos de nivel e participaron activamente e moito nas xornadas. Penso que é moi interesante que a xente nova participe activamente neste tipo de iniciativas porque é o futuro da enfermería”.

Da súa mesa saíron os traballos premiados polo xurado neste XV Premio de Enfermería de Ourense: “Educación sanitaria e prevención da osteoporose” e “Predispocisión xenética e osteoporose”. Os dous son obra da mesma autora: Reyes Pérez Fernández, profesora da Escola Universitaria de Enfermería de Ourense. Coa entrega destes galardóns, que tivo lugar na tarde do 15 de maio, clausuráronse as xornadas.

Dende a organización fíxose un balance moi positivo desta edición. “O número de participantes foi moi elevado, a verdade é que nos sentimos moi satisfeitos porque son os asistentes os que manteñen as xornadas. Vimos tendo unha media de 350 persoas todos os anos e isto é unha participación moi importante”, asegura a directora de Procesos de Enfermería, Victoria Carral, quen tamén subliña a calidade dos traballos presentados, que “vai mellorando cada ano”. E fai especial fincapé nos presentados polos estudantes de enfermería, que este ano

Unha das sesións das VIII Xornadas de Enfermería de Ourense, celebradas no salón de actos do Edificio Politécnico do Campus de Ourense.

concurrían por primeira vez ao certame. “Temos que agradecer moito a participación dos alumnos da escola, é moi importante comezar a metelos en proxectos de investigación e que os expoñan, porque son a próxima xeración, os próximos coidadores. A verdade é que resultou moi enriquecedor e vimos traballos cunha calidade moi alta e que foron moi ben expostos”.

Ademais, para Carral García, a investigación que se xera en torno a estas xornadas ourensás vai máis alá delas e ten o seu reflexo no día a día da profesión. “Todo traballo que se presenta está fortalecendo os nosos coñecementos porque nos forma en cousas novas ou ben noutras que xa coñeciamos e nas que non entráramos ao detalle. Entón, ten unha repercusión científica, pero tamén na práctica diaria do noso traballo, no coidado que realizamos cada día”.

A intención da organización é continuar co encontro, “sempre mellorando. Cada vez tratamos de darlle un nivel máis elevado. A formación é básica e fundamental nunha disciplina como a nosa, cunha compoñente de ciencia moi importante. Ten tamén unha parte técnica, pero debe ir parella á ciencia”. Detrás de cada edición das xornadas hai meses de traballo, son “un reto moi importante, pero tamén moi gratificante polo seu resultado. Non nos cansaremos nunca de dar as grazas á participación dos nosos compañeiros”, conclúe Victoria Carral.